



Concello de Ortigueira

ANUNCIO da convocatoria e bases para a selección de desempregados/as para a contratación laboral temporal de persoal para o desenvolvemento do Programa Provincial de Integración Laboral para a execución de Obras e Servizos mínimos municipais, ano 2018 financiado pola Excmá Deputación Provincial de A Coruña

Por resolución desta Alcaldía aprobaronse as seguintes

“BASES QUE REXERAN A SELECCIÓN DE DESEMPREGADOS/AS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS, FINANCIADO POLA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2018)

I.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ortigueira solicitou a Deputación Provincial de A Coruña adherirse ao programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2018 para levar a cabo diversas actuacións de limpeza, roza, sega e pequenas obras de reparación e mantemento no mobiliario e na sinalética, mediante a contratación de peóns, a xornada completa, e con fin de garantir a cobertura dos servizos públicos esenciais para a cidadanía

A Deputación Provincial de A Coruña concede a este Concello a correspondente subvención para o financiamento de dita actuación, e dado que conforme á natureza das Bases do referido programa provincial, e máis concretamente segundo o establecido na base 7 das específicas da Convocatoria, o Concello deberá realizar a contratación do persoal de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación. Ase mesmo establece en ditas bases que as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse en algunha das situacións de exclusión laboral especificada na súa base 2.1.

PRIMEIRA.- OBXECTO:

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección de sete traballadores/as, para dar cumprimento as condicións esixidas na subvención concedida ao Concello en relación co programa de integración laboral mediante a execución das obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2019 (BOP num. 41 do 28/02/2018) para levar a cabo a actuacións limpeza, roza, sega, pequenas obras de reparación e mantemento das infraestruturas, áreas verdes e mobiliario de titularidade municipal,

Os sete traballadores/as terán a condición de peóns especializados de limpeza (grupo 9)

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado a xornada completa, e por un período de tres meses e 20 días (110 días)

As retribución é a correspondente á praza de peón existente no cadro de persoal do Concello

SEGUNDA.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES:

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican

A.- Requisitos xenericos

- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea e ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes tarefas. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

- Non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

B.- requisitos específicos en aplicación do disposto no punto 2.1 das bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 41 do 28/02/2018

- Estar inscrito no Servizo Galego de Colocación como demandante non ocupado tanto no momento da selección como no da formalización do contrato
- estar nalgunha das situacións de exclusión social que a continuación se relacionan o que deberá acreditarse no prazo de presentación de solicitudes mediante a documentación que tamén se indica:

Situación de exclusión	Documentación a achegar
Mulleres	
Maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido	Fotocopia do certificado de minusvalía, debidamente actualizado, expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia	
Persoas con fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	Informe dos servizos sociais municipais
Persoas sen fogar	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	Sentencia xudicial firme ou informe dos servizos sociais municipais
Parados de longa duración (mínimo 2 anos como demandantes de emprego)	Informe de Vida Laboral actualizado

Todos os requisitos esixidos deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán presentar a solicitudes, segundo modelo que figura no Anexo I destas bases, no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgun dos lugares previstos no artigo 16.4 da

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de cinco (5) días hábiles partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, acompañando á instancia os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación*
- b) Tarxeta de demandante de emprego*
- c) Documento xustificativo de estar cando menos nunha situación de exclusión social de conformidade co previsto na base segunda*
- d) Declaración responsable na que se faga constar non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou Emprego Público, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme. Os nacionais dos demais Estados deberán acreditar, ademais da súa nacionalidade e dos requisitos a que fan referencia os apartados anteriores, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública. Dita acreditación efectuarase mediante certificados expedidos polas autoridades competentes dos seus países de orixe.*
- e) Currículo, achegando a documentación xustificativa dos méritos que se aleguen, de conformidade co previsto nas presentes bases*

As solicitudes presentadas no Rexistro do Concello deberán incorporar a documentación orixinal a fin de que o funcionario de Rexistro proceda a dixitalización e compulsa electrónica da mesma para a súa posterior devolución

No caso de presentarse a solicitude por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será requisito indispensable que a documentación que se achegue estea cotexada. A tal efecto, de efectuarse a documentación por correo postal, estarase ao previsto no artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, polo que apróbase o Regulamento polo que régulase a prestación dos servizos postais, en desenrolo do establecido na Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais. Neste caso, o/a aspirante deberá, ase mesmo, enviar por fax ao número 981402537 unha copia da instancia na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesado/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Ortigueira: <http://ortigueira.sedelectronica.es>.

CUARTA-ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Finalizado o prazo de presentación de instancias o Sr. Alcalde-Presidente do Concello, ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello: <http://ortigueira.sedelectronica.es>.

Concederase un prazo de dous días hábiles para reclamacións, se as houberse, e/ou para emendar os defectos de documentación.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, así como o nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, e o día, hora e lugar en que se realizarán as probas previstas nas presentes bases, que se publicará do mesmo xeito que a resolución pola que se aproba a lista provisional

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

QUINTA.- SELECCIÓN DOS ASPIRANTES.-

A selección constará das seguintes fases:

A) FASE DE CONCURSO, na que se valorarán os seguintes méritos:

a) **Experiencia profesional**, debidamente acreditada en traballos similares coa categoría de peón (xardinería, albanelería, recollida de residuos, limpeza viaria ou forestal): 0,10 , **ata un máximo de 5 puntos**

- En calquera das Administracións Públicas, 0,06 puntos por mes de traballo
- Na empresa privada, 0,03 puntos por mes de traballo

Para os efectos de xustificación de experiencia laboral, só serán valorados aqueles méritos que teñan a súa orixe nunha relación baseada nun contrato de traballo e xustificada de forma fidedigna mediante informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dos correspondentes contratos ou certificado de servizos prestados

b) Formación, hasta un máximo de 4 puntos

b.1- Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, e con acabado favorable: 1 punto por cada programa rematado favorablemente, ata un máximo de 3 puntos

b.2 Por cursos, xornadas, seminarios ou congresos de formación e perfeccionamento realizados polos aspirantes, en calidade de alumnos, relacionados co posto de traballo a ocupar, e que fosen organizados ou impartidos polas Administracións Públicas ou Entidades particulares recoñecidas ao efecto por calquera Administración Pública. Para este último caso os aspirantes deberán aportar o documento acreditativo do recoñecemento ou homologación oficial do curso, xornada, seminario ou congreso. Cada curso será valorado 0,01 puntos hora, ata un máximo de 2 puntos. Non valoraranse os cursos cunha duración inferior a dez horas.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

c)- No caso de estar en posesión de carné de conducir tipo B con 1,00 puntos

B).- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- PROBA TEÓRICA

Consistirá en contestar por escrito 5 preguntas propostas polo tribunal referentes ao coñecemento das tarefas relacionadas co posto de traballo, das ferramentas a utilizar no desenvolvemento das tarefas, do Concello De Ortigueira, dos seus servizos e infraestruturas .

Valorarase de 0 a 5 puntos.

Segundo exercicio.- PROBA PRÁCTICA

Realizarase una proba práctica para avaliar as aptitudes de cada un dos aspirantes, consistentes na realización de traballos sinxelos, recoñecemento de ferramentas ou produtos . Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas

SEXTA: Tribunal Cualificador

O Tribunal Cualificador estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Funcionario de carreira ou persoal laboral fixo da Administración Pública

Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue (con voz e sen voto)

Vogais: Catro funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo da Administración Pública, designados pola Alcaldía, un deles a proposta do Comité de Empresa

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Tódolos membros do Tribunal , deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 29 da mesma lei.

O Tribunal estará facultado para a interpretación das presentes Bases, así como para resolver por maioría de votos dos membros presentes as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas e determinará a actuación procedente nos casos non previstos

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

SETIMA.- COMENZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

1. A data e hora na que deberá constituírse a Tribunal aos efectos de valoración do concurso e elaboración das probas será determinada por resolución da Alcaldía, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración das probas, publicándose no taboleiro de edictos da sede electrónica e das dependencias administrativas do concello.

2.-Os aspirantes serán convocados para as probas en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente polo Tribunal Cualificador.

3.-Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal Cualificador, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

4.-En calquera momento a Tribunal Cualificador poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade

5.-A orde de actuación dos aspirantes iniciarase de conformidade coa resolución do 17 de xaneiro de 2018 pola que se fai público o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma; dita orde de actuación empezará por aqueles nos que o primeiro apelido empece pola letra "G" (DOG número 19 de 26 de xaneiro de 2018)

6.- Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal Cualificador que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ó Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1.-A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

2.-No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta :

1º.- A puntuación obtida na proba practica da fase de oposición

2º.- A puntuación obtida por experiencia laboral da fase de concurso

4º.- A puntuación obtida por formación da fase de concurso

5º.- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.

6º.- Persoas paradas de longa duración.

7º.- Persoas con discapacidade.

4-Concluído o proceso selectivo previstas na fase de oposición, o Tribunal Cualificador fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica, a relación de aspirantes con indicación da puntuación obtida. A acta do

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

tribunal de selección elevarase á Alcaldía .

O Alcalde formalizará o correspondente contrato de traballo co respectivo aspirante, por orde de maior puntuación, a medida que se produza unha vacante de posto de traballo nos servizos a que se refire a cláusula primeira e durante a vixencia do Programa de Integración Laboral 2017

No caso de que un aspirante fose chamado en tres ocasións para cubrir vacantes e de que non aceptase o posto en ningún dos casos (sen que alegase causas xustificadas), pasará ao final da lista.

No prazo de dous días e previo a formalización do contrato os/as aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

a) Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

b) Xustificación de estar en situación de desemprego, coa presentación da tarxeta de demandante de emprego actualizada

NOVENA.-CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DECIMA -RECURSOS

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente

DECIMO PRIMEIRA No non previsto nestas bases estarase ao disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ao disposto no Estatuto dos Traballadores.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/Dona con D.N.I.

nº con

endereço

.....

C.P.

Localidade

Teléfono

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo para a provisión, mediante contratación laboral temporal, de SETE postos de peóns, para a execución de tarefas e actuacións con fin de garantir a cobertura dos servizos públicos esenciais para a cidadanía financiado pola Excmá Deputación Provincial de A Coruña mediante o Plan de Integración Laboral anualidade 2018

E declarando explicitamente e baixo a súa responsabilidade que:

-Coñece e acepta as Bases reguladoras da Convocatoria

-Non esta incurso, e cumprindo os requisitos de acceso establecidos en ditas bases

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

-Non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes tarefas.

-Non ten sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial

-Estar incluído nalgunha situación a que se refire a cláusula segunda da convocatoria: _____ (indicar cal)

En consecuencia, que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos na convocatoria.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación cotexada:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación

b) Tarxeta de demandante de emprego

c) Documento xustificativo de estar dalgunha situación de exclusión social de conformidade co previsto na base segunda

d) Currículo achegando a documentación xustificativa dos méritos que se aleguen, de conformidade co previsto nas presentes bases

SOLICITA:

Sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido para o posto de peón:

En Ortigueira a . _____ de _____ de 2017

Asdo.:.....

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA"

O que se fai publico para xeral coñecemento e aos efectos oportunos

O Alcalde-Presidente

Juan Vicente Penabad Muras

Documento asinado dixitalmente a súa marxe